

MATERIA  
Lingüística contrastiva alemá

unidade  
didáctica  
4

TITULACIÓN  
Grao en Lingua e Literatura Modernas

Humanidades

# Análise contrastiva das relacións espaciais alemán/español

Elsa Liste Lamas

Área Filoloxía Alemá  
Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá  
Facultade de Filoloxía

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



**DESCATALOGADO**

Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2015

**Deseño e maquetación**

J. M. Gairí

**Edita**

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico  
da Universidade de Santiago de Compostela  
[usc.es/publicacions](http://usc.es/publicacions)

**ISBN**

978-84-16533-31-2

**DOI**

<http://dx.doi.org/10.15304/9788416533312>

**MATERIA:** Lingüística contrastiva alemá

**TITULACIÓN:** Grao en Lingua e Literatura Modernas

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

**Unidade I. Análise contrastiva das relacións espaciais alemán/español**

1. Introducción: o estudo das relacións espaciais
  - 1.1 Que son as relacións espaciais?
  - 1.2 Relacións estáticas vs. relacións dinámicas
  - 1.3 Aproximacións teóricas ao estudo das relacións espaciais
2. Relacións espaciais estáticas en alemán e español
  - 2.1 As preposicións na codificación de relacións estáticas
  - 2.2 Os verbos na codificación de relacións estáticas
3. Relacións dinámicas en alemán e en español
  - 3.1 A codificación da traxectoria en alemán
  - 3.2 A codificación do modo de movemento

**Unidade II. Interferencias léxicas alemán/español**

**Unidade III. Colocacións e fraseoloxismos alemán/español**

**Unidade IV. Lingüística textual contrastiva alemán/español**

**Unidade V. Modo e modalidade. *Konjuntiv/Subjuntivo*. Os verbos modais do alemán**

**Unidade VI. Formas verbais infinitas en español e alemán: construcións de infinitivo, participais e outras formas verbais infinitas**

## ÍNDICE

---

### PRESENTACIÓN

Xustificación da unidade didáctica no contexto da materia e da titulación

### OS OBXECTIVOS

1. Obxectivos xerais da materia
2. Obxectivos específicos da UD

### A METODOLOXÍA

### OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Introducción: o estudo das relacións espaciais
  - 1.1. Que son as relacións espaciais?
  - 1.2. Relacións estáticas vs. relacións dinámicas
  - 1.3. Aproximacións teóricas ao estudo das relacións espaciais
2. Relacións estáticas en alemán e en español
  - 2.1. As preposicións na expresión de relacións estáticas
  - 2.2. Os verbos na expresión de relacións estáticas
3. Relacións dinámicas
  - 3.1. A codificación da traxectoria en alemán e en español
  - 3.2. A codificación do modo de movemento en alemán e en español

### ACTIVIDADES PROPOSTAS

### AVALIACIÓN

### ANEXOS

- Anexo I
- Anexo II
- Anexo III

### BIBLIOGRAFÍA

Textos literarios



## PRESENTACIÓN

---

A unidade didáctica *Análise contrastiva das relacións espaciais alemán-español* forma parte da materia *Lingüística contrastiva alemá*, impartida no primeiro semestre do 3º curso do Grao en Lingua e Literatura Modernas (Maior Plus en Lingua e Literatura Alemás)<sup>1</sup>.

Partindo da premisa de que a mellor maneira de descubrir e estudar a estrutura gramatical dunha lingua é comparala con outra, nesta materia contrástansen determinados aspectos da morfoloxía, da sintaxe e da semántica do alemán co español. Póñense deste xeito de relevo semellanzas e sobre todo diferenzas entre ambas as dúas linguas e identifícanse posibles dificultades coas que se pode atopar o alumnado. Reciben especial atención aqueles aspectos da lingua alemá que adoitan causar maior número de problemas aos hispanofalantes. As explicacións teóricas e os numerosos exercicios intentan previr así posibles erros relacionados con interferencias entre o español e o alemán (Doval Reixa: 2015).

### Xustificación da unidade didáctica no contexto da materia e da titulación

O interese do estudo da codificación das relacións espaciais radica no feito de que o espazo constitúe unha categoría perceptiva, conceptual e cognitiva primaria, sen a cal nin o coñecemento nin a comunicación humana serían posibles. O espazo resulta, por conseguinte, imprescindible para percibir, entender e conceptualizar a realidade que nos rodea, e a súa codificación, aínda que variable en canto á súa forma, preséntase como un universal en todas as linguas do mundo.

Emporiso, a correcta codificación das relacións espaciais é sen dúbida un dos aspectos máis complexos á hora de adquirir unha lingua estranxeira. O alemán e o español distínguense tanto naqueles aspectos do espazo que seleccionan e codifican lingüísticamente como no inventario de recursos lingüísticos aos que recorren. Nese sentido, resulta necesaria unha tematización específica, tanto teórica como práctica, destas diferenzas, raras veces presente en manuais de alemán como lingua estranxeira.

## OS OBXECTIVOS

---

### 1. Obxectivos xerais da materia

A materia *Lingüística contrastiva alemá* permite afianzar e completar os coñecementos sobre lingua e lingüística alemá adquiridos polo alumnado en cursos anteriores. O seu principal obxectivo é o contraste estruturado e sistemático de

---

<sup>1</sup> A información relativa á presentación, aos contidos e aos obxectivos xerais e á avaliación da materia *Lingüística contrastiva alemá* presentados nesta unidade didáctica baséase na guía docente elaborada pola coordinadora da materia, a Profesora Irene Doval Reixa (Doval Reixa: 2015).

determinados fenómenos morfolóxicos, sintácticos, léxicos e pragmáticos das linguas alemá e española (Doval Reixa 2015). Esta materia persegue ademais os seguintes obxectivos:

- Adquirir a través da tematización e exercitación un alto grao de comprensión sobre determinados fenómenos lingüísticos do alemán e do español.
- Introducir os alumnos á realización de análises contrastivas de distintos tipos de textos.
- Usar a terminoloxía axeitada para a descrición de diferentes fenómenos lingüísticos.
- Aprender a tratar os diferentes contidos dende distintas perspectivas e relacionalos entre eles.
- Acadar unha autonomía progresiva e uns hábitos de traballo efectivos á hora de documentar determinados aspectos, valéndose dos diferentes medios a dispor.
- Presentar de maneira clara e concisa os resultados obtidos e reflectir de maneira crítica sobre eles.

## 2. Obxectivos específicos da UD

O obxectivo xeral que se pretende acadar na presente UD é coñecer as principais diferenzas entre o alemán e o español na codificación lingüística de relacións espaciais, facendo especial fincapé nas relacións espaciais dinámicas. Ao concluír a UD, o alumnado será quen de:

- Entender os conceptos básicos da codificación lingüística do espazo.
- Distinguir as diferenzas esenciais na codificación espacial entre o alemán e o español.
- Producir descricións espaciais correctas en alemán.
- Traducir do alemán e ao alemán de xeito natural diferentes construcións espaciais.

## A METODOLOXÍA

---

A presente UD abrangue un total de seis sesións presenciais de 50 minutos cada unha: catros sesións expositivas e dúas sesións de seminario.

Os contidos teóricos desenvolveransen ao longo das catro sesións expositivas. A exposición dos contidos teóricos apoiárase nunha presentación con diapositivas, así como noutros materiais gráficos, e alternarase con exercicios e actividades breves.

As dúas sesións de seminario terán un carácter eminentemente práctico. Nelas corríxiranse e comentaranse as tarefas previamente preparadas polo alumnado fóra da aula.

## OS CONTIDOS BÁSICOS

---

A continuación recolleremos de maneira sucinta os contidos que serán abordados nesta UD. Cómpre aclarar que os contidos aquí expostos constitúen un resumo dos aspectos tratados nas aulas e non conforman, nese sentido, unha visión exhaustiva dos mesmos.

### 1. Introducción: o estudo das relacións espaciais

A finalidade deste apartado é introducir o concepto de relación espacial e presentar aquelas nocións teóricas básicas que serán empregadas á hora de tratar, nas dúas seguintes seccións desta UD, as principais diferenzas entre o alemán e o español.

#### 1.1. Que son as relacións espaciais?

O primeiro paso consistirá en definir o concepto de relación espacial. Discutiremos brevemente o papel fundamental que desempeñan os referentes espaciais na cognición humana e nos sistemas lingüísticos.

#### 1.2. Relacións estáticas vs. relacións dinámicas

Introduciremos e definiremos aquí os dous tipos de relacións espaciais básicas, cuxa codificación en alemán e en español estudaremos máis detalladamente nos seguintes dous apartados da presente UD. Diferenciaremos, por unha banda, as relacións espaciais estáticas, e por outra, as relacións espaciais dinámicas. Unha vez presentada esta primeira distinción, debateremos con máis profundidade as diferenzas entre determinadas estruturas, recorrendo aos conceptos de proceso estático/proceso dinámico (ver Krause e Doval 2011).

#### 1.3. Aproximacións teóricas ao estudo das relacións espaciais

Abordaremos aquí algúns enfoques teóricos sobre o estudo das relacións espaciais e profundaremos no concepto de relación espacial. Presentaremos, nun primeiro lugar, os *marcos de referencias espacial* propostos por Levinson (2003). Nun segundo lugar, centrarémonos na *teoría dos patróns de lexicalización* de Talmy (1985 e 2000), ilustrando a través do alemán e do español as diferenzas na lexicalización de eventos de movemento entre linguas de marco satélite e linguas de marco verbal.

### 2. Relacións estáticas en alemán e en español

Este apartado centrarase na expresión de relacións estáticas en alemán e en español, contrastando, por unha banda, o inventario preposicional, e por outra, o inventario verbal.

### 2.1. As preposicións na expresión de relacións estáticas

Compararemos aquí as preposicións utilizadas en cada unha das lingua nunha selección de relacións estáticas básicas. Dado o maior grao de lexicalización das preposicións en español, e co fin de evitar posibles interferencias, exercitarase o uso daquelas preposicións que maior dificultades poidan causar (ver Anexo I).

### 2.2. Os verbos na expresión de relacións estáticas

Nesta subsección contrastaremos o uso en alemán de verbos léxicos para a especificación da localización no eixe horizontal e vertical fronte ao emprego en español do verbo *estar* (+ participio). Exercitaremos estas diferenzas a través de actividades prácticas (ver Anexo I).

## 3. Relacións dinámicas

Adicaremos este último apartado ao contraste da expresión de relacións dinámicas en alemán e en español, tendo en conta as diferenzas esenciais entre ambas as dúas linguas presentadas nos apartados anteriores. O primeiro subapartado centrarase no compoñente de traxectoria e o segundo no compoñente de modo.

### 3.1. A codificación da traxectoria en alemán e en español

Neste subapartado compararanse os elementos lingüísticos que permiten codificar a traxectoria en alemán e en español. Partindo dunha selección de verbos de traxectoria do español, centrarémonos, nun primeiro lugar, en buscar os seus posibles equivalentes en alemán. A continuación discutiremos máis detalladamente a función desempeñada por adverbios direccionais, preposicións, partículas e prefixos verbais e verbos na codificación da traxectoria en alemán, así como as características morfosintácticas destes elementos. Adestrarase a través de diversos exercicios o uso de adverbios direccionais e preposicións, tanto en construcións simples, como en construcións pleonásticas e complementarias (ver Anexo I).

### 3.2. A codificación do modo de movemento en alemán e en español

Veremos neste apartado a través de que elementos lingüísticos e en que medida se codifica o compoñente de modo en alemán e en español. Contrastarase o uso deste tipo de verbos de movemento en cada unha das linguas e explicaranse as restricións de uso destes verbos en español, introducindo o concepto de *boundary crossing constraint*. Sensibilizarase o estudantado á diversidade de verbos de modo de movemento existentes en alemán, intentando así que este amplíe o seu vocabulario.



## ACTIVIDADES PROPOSTAS

---

A realización das tarefas propostas pola docente asegurará un mellor aproveitamento da UD así como a correcta adquisición dos seus contidos. Ademais das actividades encomendadas, o estudiantado tamén terá ao seu dispor na plataforma virtual da USC lecturas complementarias e exercicios de reforzo. Distinguiranse aquelas tarefas que se desenvolverán na aula daquelas a realizar fóra da aula:

### 1. Actividades na aula

- Realización de exercicios breves, por oral ou por escrito, para aplicar os distintos contidos teóricos e asegurar a correcta asimilación destes mesmos (ver Anexo I).
- Corrección e discusión reflexiva das tarefas encomendadas que permitirá aclarar ou reforzar aqueles aspectos que precisen selo.

### 2. Actividades fóra da aula

- Comentario lingüístico de textos orixinais en alemán e da súa tradución ao español así como de textos orixinais en español e da súa correspondente tradución ao alemán (ver Anexo II e III).
- Tradución ao alemán e ao español de breves segmentos de textos narrativos elixidos polas súas descrições espaciais e comparación coas traducións dispoñibles (ver Anexo II e III).
- Realización de exercicios en liña na plataforma virtual da USC para asegurar a correcta adquisición dos coñecementos teórico-prácticos relacionados coa UD.

## AVALIACIÓN

---

A avaliación da presente UD desenvolverase en tres fases:

### 1. Avaliación inicial

Ao comezo da UD, é dicir, na primeira sesión expositiva, proporase unha selección de viñetas e vídeos representando diferentes relacións espaciais para seren descritos e discutidos na aula. Presentarase ademais unha serie de construcións espaciais estáticas e dinámicas en alemán e en español para seren traducidas polo alumnado. Estas actividades, que suporán unha introdución directa e práctica ás diferenzas entre o alemán e o español, permitirán valorar o nivel de coñecemento previo do alumnado.

### 2. Avaliación procesual

A avaliación procesual desta UD basearase na asistencia e participación activa durante as horas de clase así como na realización satisfactoria das tarefas encomendadas.

Os resultados obtidos ao longo desta UD pasarán a formar parte da avaliación procesual do conxunto das unidades didácticas nas que se divide a presente materia.

A suma das puntuacións derivadas da asistencia e participación activa e da realización das tarefas propostas terá un valor do 40% (Doval Reixa 2015: 17).

### 3. Avaliación final

Todo o alumnado realizará un exame final, cuxa data será fixada pola Secretaría da Facultade de Filoloxía. Esta proba comporase de varias preguntas con carácter teórico-práctico e avaliará os contidos da presente UD e das unidades restantes. O exame final terá un valor do 60% (Doval Reixa 2015: 17).

## ANEXOS

---

### Anexo I

#### Exercicios de aplicación

Preséntase a continuación unha serie de exercicios e actividades breves tipo que serán propostos ao alumnado para asegurarmos a correcta adquisición dos contidos tratados nesta UD.

#### EXERCICIO 1

*Describe en termos de relación estática/dinámica e proceso estático / dinámico os seguintes enunciados*

1. Sie steht im Zimmer.
2. Sie hüpfte im Zimmer.
3. Sie hüpfte ins Zimmer.
4. Die Katze springt über den Tisch.
5. Die Katze springt auf den Tisch.
6. Die Katze springt auf dem Tisch.
7. Ich laufe unter der Brücke.
8. Ich laufe unter die Brücke.
9. Ich laufe unter der Brücke hindurch.

#### EXERCICIO 2

*Identifica nestes enunciados os seguintes compoñentes: figura, base, movemento, traxectoria, modo de movemento e causa*

1. El niño sale corriendo de la clase.
2. La chica sube rápidamente las escaleras.
3. Der Patient humpelt ins Zimmer herein.
4. Der Junge hüpfte auf den Stuhl.
5. Er fährt den Berg hoch.

#### EXERCICIO 3

*Traduce ao alemán os seguintes enunciados*

1. Las llaves están en la mesa.
2. El abrigo está en el armario.
3. El jersey está en el cajón.

4. El cuadro está en la pared.
5. La lámpara está colgada sobre la mesa.
6. El libro está en la estantería.

## EXERCICIO 4

*Cales son os elementos lingüísticos nos que se pode codificar a traxectoria en alemán? Ilustra cada un dos casos cun exemplo.*

## EXERCICIO 5

*Identifica nos seguintes enunciados o elemento no que se codifica a traxectoria*

1. Das Mädchen verlässt das Haus.
2. Geh raus!
3. Der Mann betritt das Zimmer.
4. Das Schiff geht unter.
5. Das Kind hüpfte in das Zimmer.
6. Sie fahren unter der Brücke hindurch.
7. Ihr steigt die Treppe hoch.
8. Du bist aus dem Haus herausgerannt.

## EXERCICIO 6

*Traduce ao español os seguintes enunciados*

1. Er schleicht ins Haus hinein.
2. Sie eilt den Hügel herunter.
3. Er schlurft aus dem Zimmer.
4. Sie kriecht unter das Bett.
5. Er hüpfte die Treppe hoch.

**Anexo II****Segmentos de textos para comentar e traducir**

Proponse no que segue un fragmento de texto literario tipo na súa versión orixinal para ser comentado e en parte traducido polo alumnado e discutido nas sesións de seminario.

**1.**

Und Frank rannte. Er rannte durch das große Portal hindurch, das den Bahnsteig mit der Bahnhofshalle verband, dann geradeaus, an einer breiten, nach unten führenden Treppe vorbei, die Zugang zu anderen Gleisen verschaffte, und schließlich durch die kuppelförmige Halle selbst. Unbewusst nahm er die Menschen wahr, die da standen, warteten, an einem Imbiss etwas aßen, sich gerade an den Auskunfts- und Fahrkartenschaltern eine Reiseverbindung ermitteln ließen oder ein Billet lösten. Dienstmänner, die schwere Koffer und Reisetaschen schleppten; Reisende, die schnellen Schritts die Halle durchquerten. Der eine oder andere drehte sich irritiert zu dem Rennenden um. Dann war Frank auch schon durch die Vorhalle hindurch und kam auf einem gepflasterten Bürgersteig zum Stehen. Nur für einen kurzen Moment hielt er inne, um zu erfassen, wo er war. Geradeaus standen

mehrere Pfededroschken, aber auch einige motorgetriebene Fahrzeuge, auf dem Trottoir selbst herrschte eine ähnlich geschäftige Betriebsamkeit wie in der Halle. Er lief weiter nach rechts den Bürgersteig entlang, immer weiter, bis er an den Bahnhofsgebäuden und den sich anschließenden Mietblöcken vorbei war. Dann bog er nach links ein, in eine Gasse, und weiter in die nächste. Dass er gar nicht verfolgt wurde, bemerkte er nicht. Erst als seine Kräfte nachließen, verlangsamte er seine Geschwindigkeit, nach Atem ringend und mit erhöhtem Puls. Mit dem Handrücken fuhr er sich über die nasse Stirn. (Langer 2008: 14-15).

### Anexo III

#### Fragmentos de textos orixinais e traducidos para comentar

Proponse no que segue fragmentos de textos literarios tipo na súa versión orixinal e traducida para seren analizados e posteriormente comentados nas sesións de seminario.

##### 1.

Al día seguinte, Faulques bajó al pueblo. Aparcó la moto en una calle estrecha, sin sombra, entornando los ojos ante la perspectiva cegadora de las fachadas blancas que se escalonaban cuesta abajo, hacia la masa ocre de la muralla antigua del puerto. Luego entró en la oficina bancaria a sacar dinero de su cuenta, fue a la ferretería donde encargaba las pinturas y pagó la última factura pendiente. Después anduvo despacio hasta la dársena pesquera y estuvo un rato inmóvil, mirando los barcos amarrados junto a las redes apiladas en el muelle. Cuando a su espalda el reloj del ayuntamiento dio doce campanadas, fue a sentarse bajo el toldo del bar restaurante más próximo; el que ofrecía mejor vista de la bocana del puerto y la extensión de agua, rizada por el viento de levante, que llegaba hasta la línea gris de Cabo Malo. (Pérez-Reverte 2013)

Am nächsten Tag fuhr Faulques ins Dorf hinunter. Er parkte das Motorrad in einer engen, schattenlosen Straße und kniff die Augen zusammen, weil ihn der Anblick der weißen Fassaden blendete, die bergab bis zur ockerfarbenen Masse der alten Hafenummauer aufeinander folgten. Er ging in die Bankfiliale, um Geld von seinem Konto abzuheben, und lief zur Eisenwarenhandlung weiter, wo er Farben bestellte und die letzte Rechnung bezahlte. Dann schlenderte er langsam zum Fischerhafen, blieb eine Weile unbeweglich stehen und betrachtete die ankernden Schiffe neben den am Kai aufgestapelten Netzen. Als die Rathausuhr hinter ihm zwölf schlug, setzte er sich unter das Sonnendach des nächsten Restaurantcafés, das die beste Aussicht auf die Hafeneinfahrt und die weite, vom Ostwind gekräuselte Wasserfläche bot, die bis zur grauen Linie des Cabo Malo reichte. (Pérez-Reverte 2006)

##### 2.

Und er nahm einen der Leuchter und ging zur Tür hinaus, hinüber in den Laden. Grenouille folgte ihm. Sie kamen in den schmalen Korridor, der zum

Dienstboteneingang führte. Der Alte schlurft auf die Pforte zu, riß den Riegel zurück und öffnete. Er trat beiseite, um den Jungen hinauszulassen. (Süskind 2012: 110)

Y, tomando un candelero, cruzó el umbral en dirección a la tienda. Grenouille le siguió. Llegaron al estrecho pasillo que conducía a la puerta de servicio. El anciano arrastró los pies hasta el umbral, descorrió el cerrojo y abrió. Entonces se hizo a un lado para dejar pasar al muchacho. (Süskind 1985: 106)

## BIBLIOGRAFÍA

---

- BECKER, Angelika (1994): *Lokalisierungsausdrücke im Sprachvergleich: eine lexikalischsemantische Analyse von Lokalisierungsausdrücken im Deutschen, Englischen, Französischen und Türkischen*. Tübingen: Max Niemeyer.
- BERTHELE, Raphael (2006): *Ort und Weg. Die sprachliche Raumreferenz in Varietäten des Deutschen, Rätoromanischen und Französischen*. Berlin: Walter de Gruyter. <http://dx.doi.org/10.1515/9783110890464>
- (2007): «Sein+Direktionalergänzung: Bewegung ohne Bewegungsverb», en Ljudmila Geist e Björn Rothstein (eds.): *Kopulaverben und Kopulasätze. Intersprachliche und intrasprachliche Aspekte*, Tübingen: Max Niemeyer, 229-252. <http://dx.doi.org/10.1515/9783110938838.229>
- (2013): «Disentangling manner and path: Evidence from varieties of German and Romance», en Juliana Goschler e Anatol Stefanowitsch (eds.): *Variation and change in the coding of motion events*. Amsterdam: John Benjamins, 55-75. <http://dx.doi.org/10.1075/hcp.41.03ber>
- CADIerno, Teresa (2010): «Motion in Danish as a second language: Does the learner's L1 make a difference?», en Zhao Hong Han e Teresa Cadierno (eds.), *Linguistic relativity in second language acquisition: Thinking for speaking*. Clevedon: Multilingual Matters, 1-33.
- DOVAL, Irene (2015): *Guía docente de Lingüística contrastiva alemá*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. En [http://www.usc.es/fac\\_filoloxia/arquivos/MOD\\_AL/LINGSTICA\\_CONTRASTIVA\\_ALEM.pdf](http://www.usc.es/fac_filoloxia/arquivos/MOD_AL/LINGSTICA_CONTRASTIVA_ALEM.pdf) [citado 10.09.2015].
- DOVAL REIXA, Irene e Maxi KRAUSE (2014): «Das Projekt EMIL und seine Realisierung für das Sprachenpaar Deutsch-Spanisch», en Irene Doval e Barbara Lübke (eds.), *Raumlinguistik und Sprachkontrast. Neue Beiträge zu spatialen Relationen im Deutschen, Englischen und Spanischen*. München: Iudicum, 107-126.
- EICHINGER, Ludwig M. (1989): *Raum und Zeit im Verbwortschatz des Deutschen*. Tübingen: Niemeyer.
- HESS, Katrin (2007): *Verb und Direktivum. Ein Beitrag zum deutsch-spanischen und spanisch-deutschen Sprachvergleich*. Frankfurt am Main: Peter Lang.
- KRAUSE, Maxi (1998): «Überlegungen zu HIN/HER + Präp.», en Theo Harden e Elke Hentschel (eds.): *Particulae particularum. Festschrift für Harald Weydt*. Tübingen: Stauffenburg, 195-217.
- KRAUSE, Maxi e Irene DOVAL (2011): *Spatiale Relationen kontrastiv Deutsch/Spanisch*, Tübingen: Stauffenburg.

- LEVINSON, Stephen C. (2003): *Space in language and cognition*. Cambridge: Cambridge University Press. <http://dx.doi.org/10.1017/cbo9780511613609>
- TALMY, Leonard (1985): «Lexicalization patterns: semantic structure in lexical forms», en Timothy Shopen (eds.): *Language Typology and Syntactic Description. Volume III: Grammatical Categories and the Lexicon*. Cambridge: Cambridge University Press, 57-149.
- TALMY, Leonard (2000): *Toward a Cognitive Semantics. Volume II: Typology and Process in Concept Structuring*. Cambridge, Massachusetts: MIT Press.

### Textos literarios

- LANGER, Siegfried (2008): *Alles bleibt anders*. Stolberg: Antlantis.
- PÉREZ-REVERTE, Arturo (2013[2006]): *El pintor de batallas*. Madrid: Santillana.
- PÉREZ-REVERTE, Arturo (2006): *El pintor de batallas*. Madrid: Santillana. Trad. alemana de Ulrich Kunzmann: *Der Schlachtenmaler*. München: C. Bertelsmann Ebooks. 2006.
- SÜSKIND, Patrick (2012<sup>59</sup>[1985]): *Das Parfum. Die Geschichte eines Mörders*. Zürich: Diogenes.
- SÜSKIND, Patrick (1985): *Das Parfum. Die Geschichte eines Mörders*. Zürich: Diogenes. Trad. española de Pilar Giralt Gorina: *El Perfume*. Barcelona: Seix Barral. 2008.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidades didácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

